


A FIESTR do ILLA



FIESTRA...

SUMARIO

pax.

- Sumario 1
- Editorial 1
- Proxectos de rehabilitación 2

Creación

- Ling-Xhu 3 - 4
- Á pesca do lector 5
- O eclipse 6-7

Crítica cinematográfica 8

Investigación

- Frecuencia de consumo de café, tabaco e outras drogas entre o noso alumnado.

Deportes

- Os nosos campións 9 - 10 - 11

Colaboracións

- Un ano de encontros 12
- Matematiqueando 13
- Recordos do curso 99/2000..... 20

Enredos

- Ó fondo... Galicia 15
- Xogos matemáticos 16

Horóscopo 17 - 18

Anuncios breves 19

EDITORIAL

Amigo/a lector/a:

Como ben sabes todo acontecemento de periodicidade anual celebrado neste ano dous mil acada unha dobre distinción: se-lo último do actual milenio e o primeiro do presente século. Isto sucede, sen ir máis lonxe, co número da revista que tes nas mans e ocórrenos que non sendo honrado presumir de méritos que pertencen ó calendario, se presumir quixesemos, que queremos, abundan as razóns que o xustificuen. Velaí algunhas:

- Presumimos do entusiasmo, a creatividade e o esforzo de todos cantos alumnos —e foron moitos— cooperaron nas tarefas necesarias para que este número vira a luz.
- Presumimos da colaboración sen reservas do conxunto dos diferentes departamentos didácticos deste centro: movilizaron ó alumnado, suxeriron, corrixiron, deseñaron, montaron e aguantaron estoicamente a tensión derivada da época (final de curso) e das urxencias de última hora, coma nos “xornais de verdade”.
- Presumimos, por ir acabando, do resultado desta obra coral malia ós defectos, que non faltan, e nos que tamén nos recoñecemos.

Quédanos só desexarche que asomado a esta “Fiesta do Illa” disfrutes das vistas.

Equipo de Normalización
Lingüística

*Acta da Cualificación do I Concurso
de Narracións Curtas e Poesía "Illa de San Simón"
convocado para conmemora-lo
Día das Letras Galegas*

O xurado constituido polos membros do Departamento de Lingua Galega e Literatura Xosé Luís Clemente, Valentina Freire e X. Alberto Platero e a profesora de Lengua Española y Literatura, Ana Bugallo, reunidos o 30 de Maio de 2000 decidiron concede-los premios deste 1º Concurso de Narración Curta e Poesía convocado polo departamento de Lingua Galega e Literatura e o Equipo de Normalización Lingüística do IES "Illa de San Simón" ós seguintes participantes:

Narración curta, 1º Premio:

Francisco Cabaleiro Magallanes, polo conto LING-SHU.

Accésit: deserto.

Poesía, 1º Premio: deserto.

Accésit: deserto.



LING-SHU

Ling-Shu era un inmigrante xaponés. Vivía en Arkansas, Estados Unidos. Tiña dez anos, mais a súa curta idade non impedía que coñecese xa ben as artes marciais, concretamente o Aikido e o Ju-Jitsu. Nesta última posuía o cinto negro no nivel de primeiro Dam.

O seu pai era científico e traballaba para a NASA. Un estricto horario de traballo, das sete da mañá ás oito e media da noite, ocasionaba que Ling-Shu só puidese ver ó seu proxenitor cando este, algunha que outra vez, o atopaba esperto ó lle ir da-las boas noites cun bico.

A súa nai falecera cando el tiña sete anos. Uns cabezas rapadas apuñalárona na rúa, á súa vista, sen que ningún axudase a evitalo. Para moita xente, os inmigrantes son cidadáns de segunda, e, polo tanto, pouco se perde.

A afección favorita de Ling-Shu eran os debuxos animados. Tanto era así que as tardes pasábanselle voando diante do televisor. Certo día, a programación infantil foi interrompida por un avance informativo no que se comunicaba á poboación que un perigoso criminal fuxira do cárcere e, que segundo os seus compañeiros de cela, tiña un "asunto" que rematar fóra. Ling-Shu, observou

detidamente a imaxe do prófugo. Ó cabo dun tempo recoñeceu na fotografía ó cabeza rapada que asasinara a súa nai. Nese intre, unha mestura de ira e medo encheu as súas veas. Estaba só na casa e comezaba a oír estraños ruidos. Ó pouco o cristal dunha fiestra rompeu e dous intrusos penetraron na habitación. Ling-Shu agachouse detrás do sofá. Levaban revólveres e diversas armas brancas. Cando mirou os seus rostros puido comprobar que un deles era o que aparecía na fotografía.

O seu mestre nas artes marciais sempre lle dixeran o mesmo: primeiro controla o medo e despois deseña a estratexia. ¿Que podía facer?

- 1.- Chamar á policía.
- 2.- Pedir axuda ós vecinos.
- 3.- Plantarlles cara.
- 4.- Fuxir.

Todo foi moi rápido. O teléfono estaba cortado e a rúa estaba deserta. Conseguiu cunha axilidade increíble un kotogaeshi á man do primeiro e, case ó mesmo tempo, un barrido á perna de apoio. A cousa marchaba ben. A porta non estaba lonxe. Botou a correr cara a ela, cando unha man enorme se lle puxo diante e o agarrou polo pescozo. Detrás da man estaba o asasino da súa nai, rindo burlonamente e apretando cada vez máis e máis ata que xa o asfixiaba.

Ling-Shu sentíu algo na meixela e espertou. Era seu pai que lle daba o bico de boas noites.

- ¿Onde está mamá, papá? - preguntou Ling-Shu.
- Seguramente tan preto de nós que non somos capaces de vela, respondeu o pai.

E o resto da noite Ling-Shu durmiu pracidamente.



Á pesca do lector

Volví á casa coas miñas notas. Estábame a preguntar que dirían meus pais delas, aínda que eran excelentes. Ao chegar a casa, miña nai limpaba a cociña e meu pai aínda non tiña chegado. Fun cara á miña habitación e deixei os bultos de clase. Entón baixei ao piso de abaixo e ensineille as notas a miña nai. Felicítoume sen moito entusiasmo e díxome que llas mostrase a meu pai cando chegase. Pero papá non chegou ata as nove da noite. Estaba bébedo e mollado pola chuva que caía. Dinlle as notas, pero el apartoume dun empurrón e mandoume ao meu cuarto. Estiven alí encerrado, escoitando os berros e as discusións. Ao cabo dunha hora decidín baixar da miña habitación e puiden ver a miña nai chorando nas escaleiras. Tiña varias feridas pola cara e doíase dun golpe no estómago. Meu pai estaba a ver o partido, sentado no sofá e bebendo unha botella de ron. Sentín que ardía por dentro. Acerqueime a el.

-¿Por qué o fas papá?

Miroume con indiferencia e entón deume unha torta.

-Neno, métete no teu cuarto e xoga, ou fai o que fagan os nenos agora, que quero ver o partido.

A vinganza é un prato que se serve frío, así que volví ao meu cuarto. Alí escribín, escribir era o único que me calmaba. A miña profesora de lingua dicía que eu valía. Tamén escribía para o periódico da escola. Aos meus amigos gustábanlle os meus relatos e incluso a algúns pais tamén, e miña irmá, dous anos menor ca min, era unha grande admiradora miña.

Miña irmá tiña trece anos, pero non era igual ca min. Deixárase levar pola atmósfera da casa, aínda que era moi intelixente. Salía a cotío e pasaba a maior parte do día na rúa, coas súas amigas e o seu mozo.

Ao día seguinte era sábado e estiven a escribir toda a mañá, e tamén a pensar nos meus pais. As cousas tiñan que cambiar. Tiña que botar a meu pai de casa. Era un borracho e pegáballe a diario a miña nai. Por momentos sentía unha rabia interior que case non me podía controlar.

Cara ó mediodía chegou meu pai, borracho. Eu estaba na cociña, con miña nai. Meu pai pegoulle nada máis chegar. Entón deixei de contermo. Collín un coitelo e claveillo nas costas. Sentín coma o fio lle desgarraba a carne. Entón retorcíno, e meu pai tamén se retorceu coa dor. Finalmente caeu, inerte. Miña nai miroume directamente e con furia. Aínda hoxe non sei por que reaccionou así. Liberáraa do seu torturador. Pero ela abalanzouse sobre min, e eu claveille o coitelo. Dinme conta do que acababa de facer. Deixara a miña irmá sen familia. Decidín liberala. Espereina detrás da porta cunha machada. Cando entrou non lle deu tempo nin a dicir hola.

A policía acusou a un veciño do triple asasinato, e eu gañei vinteseite millóns polo seguro. Dende entón adícome a escribir. Escribo para un periódico, e, ás veces, algunha que outra novela.

Certo día sentín a antiga sensación que sentira ao matar a meu pai. Non quería volver matar a ninguén, así que decidín matarme a min mesmo. Seguíme varios días ata que coñecín perfectamente os meus hábitos. O momento máis adecuado era cando volvía á casa pola noite, cos veciños durmidos e xusto antes de entrar.

Así o probei un xoves. Eran as doce da noite e a vítima acercouse á súa casa. Eu esperaba detrás dun seto. Pero non me deu tempo a botarme sobre el. Pechou a porta e deixoume fóra. Eu era demasiado listo para min mesmo.

Ao día seguinte seguía con esa sensación e non sabía que facer. Ás dez chegou un home para que lle firmase un libro. Entón vino claro. Inviteino a pasar e agarreino por detrás cunha corda e afogueino.

Dende entón escollo aos meus lectores.

Alexandre Tornero Viñas

A Fiestra do Illa ofrécelle ós seus lectores, en rigorosa primicia informativa o capítulo da novela "O Eclipse" do que son autores, en maior ou menor grao, a meirande parte dos alumnos deste instituto.

A realización desta novela concebiuse polos Departamentos de Lingua Castelá e Lingua Galega no marco do Seminario Permanente de Animación á Lectura que ámbolos dous departamentos realizaron neste curso 99/2000 e demostra, dun lado, que a expresión escrita é a canle idónea por onde discorren, en harmoniosa mestura, as posibilidades lúdicas da linguaxe e as capacidades creativas dos nosos escolares; e doutro, a existencia dunha boa canteira de alumnos/as no Instituto algún/ha dos/as cales nos pode deparar, co tempo, agradables sorpresas.

O ECLIPSE

Aquel día Xío ergueuse nun estado de excitación só propio das grandes ocasións. Púxose en pé dun salto e foi espertar a súa irmá Xulia e logo a seus pais que non parecían nada entusiasmados coa idea.

- Xío, ¿que queres a estas horas?- preguntou nun ton pouco amigable súa nai Adelaida.
- É que...- tratou de desculparse Xío- ¿Non quedamos en que hoxe había eclipse de sol?
- ¡Claro!- entrevistou Xulia que presenciaba a escena desde o marco da porta- Pero tamén quedamos en que para que haxa eclipse de sol ten que saír o sol primeiro, e aínda non amañeceu.

Xío decatouse da súa metedura de zoco pero o que de verdade o amolou foi que súa irmá, unha vez máis, aproveitou a ocasión para ridiculizalo e xa ía soltarlle unha fresca cando entrevistou o pai:

- Volvede para a cama que estas non son horas de estar de pé. E ti, Xío, aproveita para descansar, que hoxe tes exame de Lingua e halo suspender por estar durmido. Despois xa mirara-lo eclipse, pero co cristal especial que che merquei.

Xulia volveu á carga:

- Papá, Xío, estea durmido ou non, vai suspende-lo exame igual, porque é un vago e non estudiou nada.
- Falou dona sabichona, que tolea por parecer máis lista ca min- contestou o rapaz.
- Pois non é moi difícil, replicou a rapaza.

Xío, farto das parvadas de súa irmá foi, a fume de carozo para a súa habitación. Despois, no leito, a noite parecíalle interminable: as cinco, as cinco e media, as seis, as seis e media...

- Xa non aguanto máis. Vou tolear -pensou Xío impaciente. De seguido foi ó salón, que era a única peza da casa situada ó leste, abriu a porta que daba á terraza e o

sol continuaba sen asomar. ¿Quen te entende? –pensaba o rapaz- Ás veces espértasme cos teus raios coándose polos buracuños da persiana e hoxe non queres saír. ¡Non o entendo! E desanimado e exhausto deixouse caer enriba dun sofá onde, sen decatarse, comezou a amigar co sono.

¡Riiiiiiiiin!...¡Riiiiin!

- ¿Que pasa? ¿Onde estou? ¿será o despertador? A voz de súa nai, chamándoo para o almorzo axudouno a volver en si. Baixando as escaleiras tropezou coa súa irmá.
- ¿Xa foi o eclipse?
- Deixa de dá-la vara, que hoxe teño unha sesión de fotos –contestou Xulia sen dete-lo paso.
- ¡Vai rezar, presumida!
- ¡E ti a lavarte, marrán!

E era certo, coas presas nin se lavara. E aínda tiña que almorzar, prepara-la mochila, ordena-la habitación... Desde logo o día non empezaba ben. Na cociña, coas présas, caéronlle pingas de leite no xerseí. No cuarto de baño debeu elixir entre unha ducha rápida ou un peiteado con gomina estilo pelo pincho. Elexiu o peiteado. Só quedaba a mochila que iría co que tivese dentro, non había tempo para máis. Ah, e o cristal para mira-lo eclipse, diso si que non se podía prescindir, pero... ¿Onde demo estaba o cristal?


Valeirou tódalas caixas, abriu tódolos caixóns, puxo habitación patas para arriba e o cristal non aparecía.

- Xíio... ¿Buscabas isto? –díxolle súa irmá que o observaba burlona desde o corredor e co cristal entre os dedos.
- ¡Bruxa! ¡Ladboa! ¡Devólveme iso agora mesmo!
- Ven ti a quitarmo –contestou a rapaza mentres fuxía escaleiras abaixo coma un lóstrego. Seu irmán seguiuna baixando os chanzos de tres en tres. No batifundio que se armou escoitouse un berrido arrepiante:
- ¡Xíio!

Xulia do susto soltou o cristal que escachou en pedazos contra o chan.

- ¡Xíio! ¡Volve para arriba inmediatamente ou chamo a teu pai! ¿Como non fixeche-la cama? ¿Eh?





"Gladiator" *****

Actor: Russell Crowne

Espectacular super-producción americana que nos devolve un xénero case esquecido: as películas de romanos. A historia enmárcase no apoxeo do imperio romano, despois de invadir Xermania. O xeneral Máximo leva á victoria ás tropas romanas. César Augusto, que xa estaba moi envellecido, decide nomear a Máximo coma novo emperador. En canto Cómodo, o fillo do César, se entera..., se queredes saber máis, ide ve-la película. Comeza cun ritmo trepidante que non decae ata o final do filme. Producto de entretemento apto para tódolos públicos.

"A lingua das bolboretas" ****

Actor: Fernando Fernán-Gómez.

Película española de gran calidade. É a historia dun neno durante a Guerra Civil en España. Os temas máis importantes do filme son a relación do rapaz co seu profesor, que é "roxo", e a súa curiosidade polo sexo. Unha película de moi fermosa factura na que aparece o actor redondelán máis coñecido: Tatán.

"The Matrix" *****

Actores: Keanu Reeves, Laurence Fishburne, Carrie-Anne Moss, Hugo Weaving.

Películón impresionante para os fanáticos da ciencia-ficción (meu pai), non se entende nada (miña nai), moi boa para a xente que disfruta coas escenas espectaculares (eu). Unha historia moi inquietante, moi ben narrada polos irmáns Wachowski (Lazos Ardentes), que sacaron a idea orixinal dun cómic. Este filme é o renacer dun xénero que ultimamente estaba de capa caída: a ciencia-ficción.

"Mensaje en una botella". ●

Actor: Kevin Costner.

Historia demasiado fantasiosa noutro dos moitos fiascos consecutivos que leva o que antes fora un gran actor: Kevin Costner. Despois de películas tan penosas coma "Tin Cup" ou "The Postman", Kevin Costner segue demostrando o seu inexistente gusto á hora de elixi-los guións. Perdoen que non fale demasiado do filme en si, pero á media hora quedei durmido.

Carlos Brais Crespo Orge.

**

*

●

Imprescindible Moi boa Normalíña Mira ti Escapa tan rápido coma poidas Vade retro Satanás

FIESTRA ...

DEPORTES

CLASIFICACIONES ATLETISMO 99/00 3º/4º E.S.O. MASCULINO

SALTO DE LONGITUD		
Puesto	Atleta	Marca
1º	JONATHAN RODRIGUEZ CARRERA	4,85m
2º	JUAN PRIETO FREAZA	4,80m
3º	DAVID VALDIVIA VILABOA	4,75m
4º	PABLO DOCAMPO SANCHEZ	4,60m

LANZAMIENTO DE PESO		
Puesto	Atleta	Marca
1º	JONATHAN RODRIGUEZ CARRERA	13,45m
2º	JOSE SANTORO MIGUEZ	10,40m
3º	MIGUEL A. ADEGA PEREIRA	10,25m
4º	JOSE M. OTERO CRUZ	10,02m

60 VALLAS		
Puesto	Atleta	Marca
1º	JONATHAN RODRIGUEZ CARRERA	10"14
2º	PABLO COBO LOPEIRO	10"22
3º	JOSE M. OTERO CRUZ	10"34
4º	PABLO DOCAMPO SANCHEZ	10"40

100 M.		
Puesto	Atleta	Marca
1º	DAVID VALDIVIA VILABOA	10"05
2º	HACHIM NAUOLI KHADAR	10"22
3º	PABLO DOCAMPO SANCHEZ	10"41
3º	JUAN PRIETO FREAZA	10"41

200 M.		
Puesto	Atleta	Marca
1º	FRANCISCO CAMPOS	28"39
2º	JUAN PRIETO FREAZA	29"44
3º	DAVID VALDIVIA VILABOA	30"85
4º	HACHIM NAUOLI KHADAR	31"

CLASIFICACIONES ATLETISMO 99/00 3º/4º E.S.O. FEMININO

SALTO DE LONGITUD		
Puesto	Atleta	Marca
1º	BEATRIZ GONZÁLEZ DASILVA	3,85m
2º	ESTHER MIGUEZ FILGUEIRA	3,75m
3º	MÓNICA BERNARDEZ VALLADARES	3,35m
4º	LAURA BARREIRO LÓPEZ	3,30m

LANZAMIENTO DE PESO		
Puesto	Atleta	Marca
1º	ESTHER MIGUEZ FILGUEIRA	8m
2º	SUSANA MOYA TORRAO	7,85m
3º	JULIA ALVAREZ IGLESIAS	7,25m
4º	VIVIANA FREIRE VILABOA	6,95m

60 VALLAS		
Puesto	Atleta	Marca
1º	VIVIANA QUINTERO CALLECO	11"96
2º	BEATRIZ GONZÁLEZ DASILVA	12"04
3º	SUSANA MOYA TORRAO	12"15
4º	LARA SANTIAGO MARTÍNEZ	12"18

100 M.		
Puesto	Atleta	Marca
1º	LARA SANTIAGO MARTÍNEZ	11"08
2º	ESTHER MIGUEZ FILGUEIRA	12"35
3º	VIVIANA FREIRE VILABOA	12"41
4º	BEATRIZ GONZÁLEZ DASILVA	12"53

200 M.		
Puesto	Atleta	Marca
1º	ESTHER MIGUEZ FILGUEIRA	35"58
2º	Mª ISABEL MONTERO GARCÍA	36"44
3º	ADRIANA MARTÍNEZ RODRIGUEZ	37"06
4º	NOENI PARADA CORUEJA	37"21

1º E.S.O. MASCULINO

SALTO DE LONGITUD		
Puesto	Atleta	Marca
1º	IVÁN REBOREDA	4,06
2º	CARLOS RODRIGUEZ PORTELA	3,97
3º	JUAN M. LAGO	3,81

LANZAMIENTO DE PESO		
Puesto	Atleta	Marca
1º	IVÁN REBOREDA	8,96
2º	XOAN PÉREZ	7,20
3º	ALEXANDRE PAZOS	6,72

SALTO DE ALTURA		
Puesto	Atleta	Marca
1º	IVÁN REBOREDA	1,25
2º	XURXO AMOEDO	1,20
"	SERGIO LLOVES, XOAN PÉREZ, CÁNDIDO PÉREZ	1,20

VELOCIDAD 60 M.		
Puesto	Atleta	Marca
1º	IVÁN REBOREDA	11"71
2º	CARLOS RODRIGUEZ PORTO	12"20
3º	JUAN M. LAGO	12"31

60 M. VALLAS		
Puesto	Atleta	Marca
1º	IVÁN REBOREDA	11"39
2º	CARLOS RODRIGUEZ PORTO	12"14
3º	JUAN M. LAGO	12"38

200 METROS		
Puesto	Atleta	Marca
1º	IVÁN REBOREDA	30"61
2º	CÁNDIDO PASOS	32"22
3º	JUAN M. LAGO	32"82

FONDO 1000 M.		
Puesto	Atleta	Marca
1º	CARLOS RODRIGUEZ PORTO	3'31
2º	ABEL VÁZQUEZ	3'49
"	IVÁN REBOREDA, XOAN PÉREZ, CÁNDIDO PÉREZ	3'49

1º E.S.O. FEMININO

SALTO DE LONGITUD		
Puesto	Atleta	Marca
1º	ENMA ADEGA	3,58
2º	SARA LAGO	3,55
3º	PAULA CARRERA	3,38

LANZAMIENTO DE PESO		
Puesto	Atleta	Marca
1º	ALBA ARAUJO	8,20
2º	CARMEN Mª LAGO	7,11
3º	JULIA DOCAMPO	6,97

SALTO DE ALTURA		
Puesto	Atleta	Marca
1º	IRIA CASAS	1,15
"	IRIANA MARTÍNEZ	1,15
"	ANDREA CONDE, CARLA ARAD	1,15

VELOCIDAD 60 M.		
Puesto	Atleta	Marca
1º	SARA LAGO	12"74
2º	ANDREA CONDE	12"80
3º	ALEXANDRA FERNÁNDEZ	12"86

60 M. VALLAS		
Puesto	Atleta	Marca
1º	CARLA ABAD ALONSO	12"34
2º	JULIA DOCAMPO SANCHEZ	12"63
3º	Mª CARMEN BERNARDEZ	12"76

200 METROS		
Puesto	Atleta	Marca
1º	SARA LAGO CABALEIRO	34"13
2º	CARMEN Mª LAGO LÓPEZ	34"31
3º	PAULA CARRERA SOTELINO	35"02

FONDO 1000 M.		
Puesto	Atleta	Marca
1º	SARA LAGO CABALEIRO	4'09
2º	CARLA ABAD ALONSO	4'11
3º	ANTIA COUÑAGO LAGO	4'19

2º E.S.O. MASCULINO

SALTO DE LONGITUDE		
Puntu.	Alumno	Marca
1º	RAÚL OTERO	4,00
2º	DIEGO CABALEARO	4,01
3º	LUCAS GLEZ. TOUCEDO	3,99

LANZAMIENTO DE PESO		
Puntu.	Alumno	Marca
1º	RUBÉN CRESPO	9,00
2º	MIGUEL CABALEARO	9,00
3º	RAÚL OTERO BORREGA	8,73

SALTO DE ALTURA		
Puntu.	Alumno	Marca
1º	DIEGO CABALEARO	1,50
2º	RAÚL OTERO BORREGA	1,40
3º	LUCAS GLEZ. TOUCEDO	1,35

VELOCIDAD 100 M.		
Puntu.	Alumno	Marca
1º	RAÚL OTERO BORREGA	11"24
2º	DAMIÁN TRONCOSO	11"41
3º	ERIC BENITO	11"62

60 M. VALLAS		
Puntu.	Alumno	Marca
1º	RAÚL OTERO BORREGA	11"09
2º	DIEGO CABALEARO	11"27
3º	DAVID ALONSO DARROSA	11"41

200 METROS		
Puntu.	Alumno	Marca
1º	RAÚL OTERO BORREGA	30"31
2º	DAMIÁN TRONCOSO	31"40
3º	VÍCTOR LÓPEZ	32"84

500 METROS		
Puntu.	Alumno	Marca
1º	RAÚL OTERO BORREGA	3'18
2º	VÍCTOR LÓPEZ	3'44
3º	RUBÉN CRESPO	3'51

2º E.S.O. FEMININO

SALTO DE LONGITUDE		
Puntu.	Alumna	Marca
1º	NATALIA LAGO	4,24
2º	DIANA LAGO	4,18
3º	ANA GLEZ. COUÑAGO	4,00

LANZAMIENTO DE PESO		
Puntu.	Alumna	Marca
1º	ARIANA CASTRO	7,63
2º	SILVIA FERNÁNDEZ	7,56
3º	NOELIA PAZÓ	7,35


SALTO DE ALTURA		
Puntu.	Alumna	Marca
1º	SILVIA FERNÁNDEZ	1,25
2º	ANA GLEZ. COUÑAGO	1,20
3º	CARMENA CORTIZO, DIANA LAGO, NATALIA LAGO	1,20

VELOCIDAD 100 M.		
Puntu.	Alumna	Marca
1º	DIANA LAGO FONTÁN	11"07
2º	NATALIA LAGO FONTÁN	12"05
3º	ANA GLEZ. COUÑAGO	12"06

60 M. VALLAS		
Puntu.	Alumna	Marca
1º	ANA GLEZ. COUÑAGO	11"09
2º	DIANA LAGO FONTÁN	12"48
3º	LUCIA MARTINEZ VÁZQUEZ	12"57

200 METROS		
Puntu.	Alumna	Marca
1º	DIANA LAGO FONTÁN	32"59
2º	NATALIA LAGO FONTÁN	32"95
3º	ANA GLEZ. COUÑAGO	33"02

500 METROS		
Puntu.	Alumna	Marca
1º	NATALIA LAGO FONTÁN	4'10
2º	DIANA LAGO FONTÁN	4'35
3º	BIBIANA BASTOS, MARIA CAO MARTINEZ	4'45


**EQUIPO FEMININO DO CLUB DE REMO
"VIEIRASA - SAN SIMÓN"**
Componentes:

Patrona:	Sandra Rodríguez Otero 14/7/86 2ºD
Voga:	Sandra Pérez Pérez 11/3/84 4º A
Estribor 1:	Verónica Lago Pérez 4/4/84 4º A
Babor 2:	Sonia Álvarez Figueroa 17/6/85 2º B
Proa:	Adriana Castro Alonso 18/11/86 2ºB

Datos de interese:

- 3ª praza nos Campionatos Galegos de 2000
- 3ª praza nos Campionatos de España 2000

FICHA DEPORTIVA

Nome: ALEXANDRE TORNERO VIÑAS

D.Nto.: 7/1/84

Curso: 4ºB

Datos de interese: Nadador do R.C. Náutico de Vigo, na categoría infantil.

Tempada 97/98:

Campionato Galego: - Ouro 1500m. libres, Ouro 200 mariposa, Ouro 200m libres.

Tempada 98/99:

Campionato gallego: - Ouro 200m. libres, Prata 100m. libres

Campionato de España: Bronce 4x100m libres.

FICHA DEPORTIVA

Nome: TANIA SOUTULLO LAGO

D.Nto.: 7/2/84

Curso: 4ºA

Datos de interese: Nadadora do R.C. Náutico de Vigo, categoría xunior.

Tempada 98/99:

Campionato Galego: Campiona por equipos.

FICHA DEPORTIVA

Nome: HUGO CRESPO PAZOS

D.Nto.: 18/2/84

Curso: 4ºA

Datos de interese: Xogador do R.C. Celta de Vigo no equipo cadete de División de Honra. Na presente tempada proclamouse subcampión de liga.

Un ano de encontros

Durante o presente curso, e co obxecto de afianzar entre o alumnado o convencemento de que o galego é válido en tódolos ámbitos e para tódalas funcións, o Equipo de Normalización, a Asociación de Pais de Alumnos e os Departamentos Didácticos, mancomunando esforzos, organizaron o que se deu en denominar “Encontros de Normalización”, que non foron outra cousa que charlas de especialistas de diversos sectores profesionais, culturais e deportivos sobre temas do seu ramo. Os que seguen son os “encontros” realizados.

Ponente	Ocupación	Tema	Departamento	Data
Eduardo A. Pérez (Tatán)	Actor	A lingua das bolboretas	Lingua Galega	14-2-2000
Jaime Figueroa Cerdeira	Rehabilitador	A enfermidade mental	Ciencias Naturais	16-3-2000
Xoán (Pipa)	Deportista	Cómo ser un bo deportista	Educación Física	22-3-2000
Xosé González Couñago	“Alén Nós”	Galicia máxica	APA	12-4-2000
José A. Vázquez Álvarez	Científico	Reciclaxe	Ciencias Naturais	3-5-2000
José Antonio Orge	Inv. Cultural	Redondela onte e hoxe	Xeografía e IF	8-5-2000
Andrés Cabana González	Matemático	As matemáticas e a arte	Matemáticas	17-5-2000

Estes encontros pecháronse o 12 de Maio coa proxección da película “A Lingua das Bolboretas” para o que se contou coa colaboración do Cine Club “Claqueta” o que permitiu abaratar considerablemente o precio das localidades para os alumnos asistentes.

É de xustiza recordar que estes encontros foron posibles gracias ó desinterese económico de todos e cada un dos ponentes. Desde aquí reiterámoslles, unha vez máis, o noso agradecemento.

E.N.L.




"MATEMATIQUEANDO"

No meu primeiro ano na Facultade de Matemáticas, impartía clases de Alxebra un deses catedráticos de Universidade "intocables", case divinos.

O Sr. Rodeja, que así se chamaba, sacaba ó encerado tódolos anos a un "primeirizo" e invitábao a representar un punto. Nunca nengún alumno tivo éxito no intento, pois todos pintaban unha pequena aspa ou un minúsculo círculo sombreado. Entre grandes broncas, o insigne profesor acababa explicándolle ó desgraciado discípulo que un punto non ten dimensión, polo tanto é irrepresentable.

Esta pequena historia pon de manifesto o grao de rigor e formalismo que se pode chegar a ter cando se están facendo Matemáticas. Outro exemplo menos defendible, porque ten "trampa", sería aquela situación na que un filósofo dixo: "se o mundo enteiro e tódalas cousas que contén crecesen de tamaño á vez e en idéntica proporción, ninguén o notaría", ó que un matemático lle respondeu: "notariámolo, porque os xamóns pendurados duna corda caerían ó chán".



Invito ó lector a que averigüe a trampa en cuestión, para o que lle darei a seguinte pista (por outro lado evidente): unha corda é unidimensional e un xamón é tridimensional (sobre todo se ten moito touciño).

A UNESCO propuxo que o 2.000 fose o Ano Internacional das Matemáticas, e na súa declaración oficial facía constar, entre outros aspectos, a aportación das Matemáticas ó desenvolvemento e benestar dos pobos.

Dicía Poisson: "A vida paga a pena só por dous motivos: *facen Matemáticas e ensíñalas*". Eu sen chegar a tan apaixonada conclusión (tamén están o marisco, o albariño, o entroido de Xinzo, etc.) síntome aludido cando este organismo internacional propón ós ensinantes de Matemáticas a divulgación entre a sociedade da universalidade e *utilidade desta fermosa disciplina*.

Un dos obstáculos co que nos topamos os profesionais da Matemática é precisamente que o rigor na exposición dos contidos é moitas veces unha barreira infranqueable para o receptor da mensaxe, a pesar de que nos últimos anos o grao de *formalismo baixou considerablemente, para disgusto das escolas máis puristas*.

Outro gran impedimento sería, baixo a miña opinión, que a Matemática está cada vez menos vencellada ás demais ciencias experimentais á hora de facer os currículos, e isto é achacable maiormente á redución horaria a que se viu sometida *no actual sistema educativo. Isto fai que a Matemática utilice exemplos case sempre teóricos para a súa xustificación, facendoa menos intelixible para a sociedade en xeral e para o alumnado en particular*.

O alumnado formula con moita frecuencia a pregunta ¿e isto, para que serve?, en relación co que se está explicando na clase. Non lle ven sentido práctico a tantas letras e expresións frías e sen alma.

Nas civilizacións mesopotámica e exipcia, a Matemática aparecía como esa ferramenta utilitaria que pretenden, moitas veces con razón, os nosos alumnos e alumnas. Xa na antiga Grecia aparece con dous aspectos diferentes, un como ferramenta utilitaria e outro como ciencia ideal para desenvolver a intelixencia e chegar ó coñecemento da verdade. Esta dualidade non a abandonaría a Matemática ó longo de toda a súa historia e na actualidade segue vixente.

Por outro lado, non houbo período da evolución científica na que a Matemática non colaborase coas demais ciencias.

É a principios de século XX, cando comeza a ser aplicada á Bioloxía, Psicoloxía, Socioloxía, Ecomomía, etc. Neste aspecto, sen deixar de aplicar razoamentos e linguaxes precisos, trata de obter resultados correctos, pero con certa probabilidade. Desta maneira é como a Matemática perde exactitude, pero gaña en número de aplicacións.

Esta parte é a referida á Estatística e á Teoría de Probabilidades, vencelladas ámbaas dúas ós chamados experimentos ou fenómenos aleatorios, que son aqueles dos que non se pode predicir o resultado. O contrario de aleatorio chámase, en termos matemáticos, determinista.

Unha das aplicacións prácticas da inferencia estatística é o traballo que desempeñan as empresas de sondaxes cando dan a coñecer os resultados das votacións dunhas eleccións, no mesmo instante en que se pechan os colexios electorais, cunha marxe de erro moi pequena.

As empresas de seguros nunca dan perdas. Nas pólizas de seguro de vida, de chuvias que poden impedir un espectáculo, de posibles danos ás pernas dos futbolistas, etc., o experto en control de calidade ou de seguros empeza con estatísticas coñecidas sobre un feito e a partir delas determina a previsión da probabilidade dun posible percance.

Detrás de todo gran descubrimento matemático sempre houbo un traballo sistemático e rigoroso, chegando incluso a graos de perseverancia case impensables na actualidade.

Un exemplo claro é o de Kepler, matemático e astrónomo, solitario autor dos tres principios que rexen os movementos dos planetas. Antes de chegar a estas conclusións, aínda viventes, estivo máis de cinco anos traballando nunha hipótese que resultou falsa, a pesar desánimo.

A conxectura ou Fermat estivo máis de ninguén puidese principios dos noventa Andrew Willes, deu con ocupa máis de cen máis exquisita. O historia é que nesta empregou máis de oito fixo co único obxectivo humano ata onde só a chegar.

Estímase que matemáticos están en disposición de entender a demostración de Willes. Podía "tirarme" o farol que moitos imaxinades, pero debo dicir que formo parte do 99% restante. Ninguén é perfecto.



último teorema de cen anos sen que demostralo, ata que a un matemático inglés, tal demostración, que folios da matemática mellor desta gran empresa, Willes anos da súa vida, e o de elevar o espírito imaxinación pode

só o 1% dos

Juan Gomez

Ó FONDO... GALICIA
1. Se durante unha conversa oes falar de Pedro Madruga adiviñas que:

- a) O tal Pedro é digno de mágoa.
- b) Refírense a un nobre galego que se enfronta cos exércitos irmandiños
- c) Trátase dun deseñador lucense de roupa infantil.
- d) É a nova fichaxe do Celta para a vindeira temporada

2. Dos camariñenses recoñécese:

- a) A súa destreza na captura do camarón.
- b) O primor dos seus encaixes.
- c) A proverbial camaradería cos visitantes.
- d) A calidade das súas orquestras de cámara.

3. O Berbés é:

- a) O barrio máis antigo de Vigo.
- b) O centro óptico máis importante de Galicia.
- c) Un molusco das Rías Baixas.
- d) O personaxe dun cómic infantil.

4. O nome de María Pita asócialo a:

- a) Muller célebre polo seu medo.
- b) Heroína galega defensora da Coruña.
- c) Inventora dun famoso caldo de ave.
- d) Árbitra de fútbol feminino.

5. Se che preguntan polas Burgas, pensas de inmediato en:

- a) Un establecemento McDonald's.
- b) Burgos.
- c) Hamburgo.
- d) Ourense.

6. Se te convidan a asistir á Rapa das bestas, sabes que presenciáras:

- a) Concurso de peiteado canino que se celebra en Vilagarcía.
- b) Recollida e marca de cabalos salvaxes.

- c) Corte ó rape dun grupo de cabezas sen ideas.
- d) Ti non vas por se acaso.

7. O Morrazo é:

- a) Unha península na ría de Vigo.
- b) Un golpe nos focinhos.
- c) Unha comarca ourensá productora de pementos.
- d) A actitude desvergonzada que algúns manifestan.

8. O Barco de Valdeorras ten sona en medio mundo:

- a) Polas canteiras de xisto.
- b) Por se-lo primeiro veleiro galego en atravesalo Atlántico.
- c) Polos seus estaleiros.
- d) Por face-lo traxecto Valdeorras-illas Cíes.

9. A Casa de Matanza é:


- a) O título dunha película galega de cine negro.
- b) O título dunha novela policial de autor galego.
- c) A casa onde morreu Rosalía de Castro.
- d) O nome que se dá ós matadoiros de porcino en Galicia.

10. María Castaña foi:



- a) Unha dirixente das revoltas populares contra o bispo de Lugo no século XV.
- b) A vendedora de castañas máis popular de Ourense.
- c) A inventora do magosto no século XIII.
- d) Unha muller que viviu 123 anos.

SERIES

Estas figuras forman unha serie. ¿ Como pintarás a derradeira para que sigan ?




¿ Como terá que colocar o noso amigo estas fichas de dominó, para que a suma das metades das de arriba sexa igual a suma das metades de abaixo



OS VINTE PUNTOS

¿ Cantos cadrados poden formarse coa condición de que os seus vértices sexan puntos da seguinte malla ?



TRIANGULITE

¿ Cantos triángulos, de calquera tamaño e de unha ou máis pezas, hai nesta figura ?

CADRADO MÁXICO ALXEBRÁICO

Lembra o que é un cadrado máximo: un cadrado máximo consiste nun cadrado de números tal que todas as filas, columnas e diagonais dan a mesma suma.

Este cadrado máximo está formado por expresións alxebráicas, en lugar de por números, sen embargo trátase verdadeiramente dun cadrado máximo. A incógnita "agacha" un número e trátase de averigualo. Dá o valor numérico de cada casíña.

$x - 1$	$7x$	$x + 5$	$4/x + 1$
$5(x + 1)$	$x + 2$	$x + 7$	$3x$
$3x + 4$	$2x + 1$	$2(5x - 2)$	$2x + 1$
$4x$	$5x + 1$	x	$4(x + 1)$

Cando teñas as solucións
podes pasar polo
Departamento de
Matemáticas a comentalas




¿ ONDE ESTÁ A MENSAXE SECRETA

Dentro de cada maletín hai o seguinte: uns zapatos, un bocado, un cepillo de dentes, un libro e unha mensaxe secreta. O bocado está no grupo de arriba. O bocado e o cepillo de dentes están en maletíns de diferente cor. O libro e o bocado están en maletíns de distinta cor. Os zapatos e o bocado est



HORÓSCOPO (unisex)



CARNEIRO- (21 de marzo- 20 de abril)

Amor- Venus inflúirase negativamente. Pero dentro duns días todo volverá á normalidade. Non te preocupes.

Saúde- Pasa das drogas este mes, pode que a túa nai queira facerche unha análise.

Diñeiro- Bo momento para desafiar a sorte. Anímate.

TOURO-(21de abril - 20 de maio)

Amor- Todo irá para ti sobre rodas. Pasarás máis tempo con ese/a rapaz/a que che gusta, disfrútao.

Saúde- A bebida será prexudicial a longo prazo. Coidado.

Diñeiro- Chegará alguén á túa vida que te beneficiará. Sorte.

XEMELGOS- (21 de maio- 21 de xuño)



Amor- Este mes Xúpiter apoíate. Noites inolvidables coa túa parella.

Saúde- coidado coas festas, pois os teus pais poderían decatarse de todo. igual, confórmate.

CANGREXO- (22 de xuño- 22 de xullo)

Amor- Non te enrolles co primeiro que cho pida.

Saúde- Este mes estarás baixo/a, cóidate.

Diñeiro- Eres un/ha egoísta, terás que comezar a repartir.

LEÓN- (23 de xullo- 23 de agosto)



Amor- Debes ser honesto/a, así terás máis sorte.

Saúde- Sufirás unha operación moi perigrosa, poide que morras, cóidate.

Diñeiro- Este mes non poderás mercar iso que tanto queres. Espera.

BALANZA- (24 de setembro- 23 de outubro)

Amor- Estarás indecisa entre varios, escolle ben.

Saúde- É mellor que non tomes moitos medicamentos, non che farán ben.

Diñeiro- Terás máis gastos dos que te podes permitir.

ESCORPIÓN- (24 de outubro- 22 de novembro)



Amor- Cortarás cos teus amigos por coñecer a ese que cres que é o teu amor.

Saúde- Non haberá cambios.

Diñeiro- Seguirás tan ben coma sempre.

CAPRICORNIO- (22 de decembro- 20 de xaneiro)

Amor- Todo irá moi mal.

Saúde- Empeorará todo, cada vez máis.

Diñeiro- Isto arreglarao todo.

VIRXE- (24 de agosto- 23 de setembro)

Amor- Alguén do teu pasado estará de novo no teu presente e as cousas irán mellor.

Saúde- Ou deixas de fumar ou a túa saúde empeorará moito.

Diñeiro- Conseguirás todo o que queiras.

ACUARIO- (21 de xaneiro- 19 de febreiro)

Amor- O amor é coma a vida, todo che saíra como tes planificado.

Saúde- Non haberá cambios.

Diñeiro- Aquí non terás moita sorte.

SAXITARIO- (23 de novembro- 21 de decembro)


Amor- Terás sorte con alguén do teu pasado.

Saúde- Todo seguirá igual.

Diñeiro- Todo irá ben.

CONTACTOS

- 1) Danse "clases" particulares do que desexe o cliente.
Tlf: 986401322
- 2) Loli, gordinha, busca mozo tamén gordinho para relación sentimental.
Tlf:986495237
- 3) Rapaz loiro e de ollos azuis busca rapaz tamen loiro e de ollos azuis.
Tlf:986403694
- 4) Danse masaxes lésbicos en Robiño Jorge (Travesía de Vigo nº20)
Tlf: 986400779
- 5) Ofrécese mulata para satisfecerte totalmente.
Tlf: 986404588
- 6) Chica loira de ollos azuis, talla 120 de peito, busca rapaz baixo e delgado.
Tlf: 986400128
- 7) Chica alta, pelo rizo, penso que estou moi boa, busca chica para compartir moi bos momentos. Tlf:986402206
- 8) Búscase nena para compartir "clases de bioloxía".
Tlf: 986483692
- 9) Neno de un ano e medio busca nena de un ano ou ano e medio.
Tlf:986287538
- 10) Trabesti busca alguén ou cousa rara que lle sirva para algo.
Tlf:986483623

**BREVES**

- 1- Véndese corta uñas, moi bo prezo. Chamar ó
986405458
- 2- Véndese suxeitador coa asa esquerda transparente con un prezo razoable. Tlf:
986459532
- 3- Véndese peluche ,un oso, (fáltalle a cabeza)é moi bonito. Tlf:986546231
- 4- Alúganse chupetes por horas, de todas as cores. Tlf:986547234
- 5- Véndense cadros de picacho falsificados(fotocopias en branco e negro)Tlf:986451236
- 6- Alúganse tapóns de cera de segunda man (só foron utilizados unha vez)Tlf:9866459837
- 7- Alúganse condóns (pinchados) para quen non queira ter un fillo (saen xemelgos). Tlf:986652919
- 8- Véndese escarabello de cor verde con 50 anos de antigüidade, pero en bo estado. Tlf:986596834
- 9- Véndense cachorros de pastor alemán con pedigree.949596932
- 10- Véndese piso en Vigo 4 habitacións , cocifiña, salón, 3 baños e cuarto de estudio. Tlf:999995555

FIESTRA...

PROXECTOS DE REHABILITACIÓN DO VIADUCTO VELLO E DA ILA DE SAN SIMÓN



O goberno municipal quere rescatar un proxecto presentado polo arquitecto catalán Tarragó en 1992 que contemplaba o uso público do vello viaducto de Redondela, construído durante a segunda metade do século XIX, polo enxeñeiro italiano Pedro Floriani.

Tarragó propón a construción dunha pilastra con ascensor interior e con escaleiras de caracol por fóra que facilitarían o acceso á parte superior do viaducto.

Sobre os raís habilitaríase un paseo con baranda de protección en ambos lados e alumado público. Da recuperación do viaducto tamén forma parte a construción dun auditorio ó aire libre no extremo próximo á zona da Portela e a instalación dunha cafetería nun vagón de ferrocarril.


No que se refire á Illa de San Simón o proxecto ten como obxecto a renovación de tódalas edificacións existentes readaptandoas ós novos usos que se lles quere conferir.

E como nos parece apreciar un comezo de frenesí rehabilitador que alcanza xa ós elementos arquitectónicos e paisaxísticos máis representativos de Redondela, solicitamos a quen corresponda moderación no impetu e respecto para o terceiro gran emblema da nosa vila, o choco da ría, que nos gusta tal como é e non lle cómpre rehabilitación ningunha.




O FUTURO PROXECTO


- 1-Vivenda garda. Recepción administración.
- 2-Cafetería, bar, comedor.
- 3-Casa dos oficiais do mar e escola de vela.
- 4-Capela santuario de San Simón (proceso de renovación).
- 5-Pavillón, miradoiro da boca da ría.
- 6-Cursos seminarios e residencia.
- 7-Edificio multiusos.
- 8-Aseos, almacén (antiga central eléctrica).
- 9-Hotel "STELLA MARIS".
- 10-Acuario.
- 11-Museo e biblioteca.
- 12-Pavillón miradoiro do fondo da ría.




FRECUENCIA DE CONSUMO DE CAFÉ ENTRE OS ALUMNOS DESTE CENTRO




FRECUENCIA DO CONSUMO DE TABACO ENTRE OS ALUMNOS DESTE CENTRO




FRECUENCIA DO CONSUMO DE ALCOHOL ENTRE OS ALUMNOS DESTE CENTRO




FRECUENCIA DO CONSUMO DE PORROS ENTRE OS ALUMNOS DESTA CENTRO



FRECUENCIA DO CONSUMO DE PASTILLAS ENTRE OS ALUMNOS DESTA CENTRO



FRECUENCIA DO CONSUMO DE ESTIMULANTES DO SISTEMA NERVIOSO ENTRE OS ALUMNOS DESTA CENTRO



¡ BENVIDO SEXA QUEN A SÚA CASA CHEGA !

Así recibimos o presidente da nosa comunidade, Galicia, que tivo a xentileza de inaugurar oficialmente este centro e o que quero reiterarlle o noso agradecemento. Tivemos un parto difícil, fomos nacemento das ruínas do noso vello Colexio Público da E.X.B. Construíuse e construímonos durante estes dous cursos que agora rematan.

Neste curso por primeira vez despedimos alumnos e alumnas que rematan os seus estudos como **Graduados en Educación Secundaria**. Recibide os meus parabéns. **¡ SODES EXCELENTES !**, deixades un grato recordo en todos nós, e o noso corazón sempre irá convosco. Recordovos o noso lema “ **RESPECTO E SOLIDARIEDADE** “. **¡ Boa sorte compañeiros e compañeiras !**

Os que quedamos debemos mellorar. O deterioro físico do centro é lamentable; as paredes, columnas, portas, accesorios, xardíns cheos de papeis, sillas e mesas rotas e pintadas, etc, etc, etc. **¡ Non podemos tratar así á nosa casa !**. Debemos convertirmos nun centro educativo. Pero, ¿ sabemos que tipo de centro educativo ?

Non pode ser normal estar en clase para incordiar ou non facer nada, desautorizar ó profesorado, contestar, desobedecer con actitudes irrespetuosas. F. Savater: “ **cando a familia socializaba, a escola podía adicarse a ensinar** “. Ese proceso de socialización, comportamento social básico de respecto, obediencia, distinguir o ben do mal, normas de boa educación. Este proceso foi abandonado en moitos casos e constitúe un problema fundamental para a convivencia en grupo.

Temos problemas disciplinarios, de aprendizaxe, pero sobre todo un grave problema de desgana, incluso de oposición. Aprender é aburrido. Comprende-las matemáticas é moito máis aburrido que molestar ós compañeiros.

Os docentes sentímonos moitas veces inimigos públicos. Empeñámonos en que teñen que aprender, estar calados na clase, tratar con respecto os compañeiros, cumprir coas normas. Somos tercos e temos mal carácter, somos inxustos e malévolos. Cando lle collemos xenreira a un alumno ou alumna machacámolo. ¿ Somos así ?

Certamente non somos perfectos. Pero, por favor, non nos neguen a boa intención., pensen que a nosa intención é facelos mellores como persoas, se cadra equivocadamente pero nunca con mala intención. A profesión que desempeñamos, conleva autoridade. Certo que esta non se impón pola forza, pero certo tamén que debe ser respectada.

Os pais teñen unha función “obrigatoria “. A tutela dun fillo ou filla obriga a cuidar da súa educación e formación. É responsabilidade dos pais que teñan material, fagan os deberes, que asistan con PUNTUALIDADE. Tomar medidas conxuntas co profesorado para modificar conductas contrarias á convivencia, informarse da marcha académica así como de crearlles os hábitos de estudo necesarios.


O centro, espazo físico do I.E.S. “ Illa de San Simón “ : pasillos e escaleiras insuficientes. Aulas que apenas dan para 1,5 m2 por alumno/a, material de baixo custo e facilmente deteriorable. Insuficientes espazos. A dotación de material, aínda que mellorable é francamente superior á calidade arquitectónica. **NACEMOS FÍSICAMENTE PERO AGORA TEMOS QUE APRENDER A ANDAR, COAS NOSAS VIRTUDES E DEFECTOS, CON ACERTOS OU ERROS IREMOS SENDO QUEN QUEIRAMOS SER. NECESITAREMOS IMAXINACIÓN, PERO SOBRE TODO COLABORACIÓN, ILUSIÓN COMPARTIDA.**

Ser bos, ler moito, pensar, razoar, xogade coas matemáticas e repasar o que xa sabedes para recupera-la curiosidade por saber.

EN SETEMBRO FALAMOS. PASADEO BEN (si o merecedes)

Ler para crecer. **Ler para crecer.** Ler
para CRECER. Ler para crecer. Ler

Ler
para
crecer
. Ler
par
a
crec
er.
Ler
para
CREC
ER



Ler
para
crecer
. Ler
par
a
crec
er.
Ler
para
CREC
ER

I.E.S. " ILLA DE SAN SIMÓN"

AVDA. MENDIÑO Nº 28 C.P. 36800

TLF. 986401277/400800

FAX. 986400800

E-MAIL: ies.redondela.1@xunta.com